

UD11. OS MOVEMENTOS ARTÍSTICOS. ROCOCÓ. NEOCLÁSICO. GOYA.

Durante o S.XVIII desenvóléronse en Europa varios estilos artísticos. Nas primeiras décadas continuou vixente a estética do Barroco, sendo moi importante a construción de palacios, que se converteron en símbolos do poder dos monarcas absolutos (por exemplo o Palacio Real de Madrid). Como última fase do Barroco nacerá o **Rococó** que introduce unha nova estética recargada e detallista.

A mediados de século, e por influencia da Ilustración e das recentemente fundadas Academias de Belas Artes, nace un novo estilo que busca romper co Barroco/Rococó, o estilo **Neoclásico**, que chegou ao seu pleno desenvolvemento nas décadas finais do S.XVIII e as primeiras do XIX. A inicios do XIX diferentes artistas desbotarán o Neoclásico por ser un estilo: “sen alma”, sinxelo e que non representa aos pobos, necendo así o **Romanticismo**. Por outra banda, **Goya** verase influenciado polas correntes do dezaioito ao mesmo tempo que se anticipará ás do dezanove, sendo un artista único sen poder ser adscrito a ningunha corrente.

1. ARTE ROCOCÓ

O Rococó nace en **Francia** a partir de 1730 como unha arte ao servizo da aristocracia e da burguesía. Xurde como xeito de celebrar o luxo, a comodidade e a festa, reflexo do estilo de vida suntuoso e frívolo dos grupos sociais máis altos. Máis tarde, cara a 1760, o Rococó comezou a decaer, sendo substituído a partir de 1780 por un estilo máis austero como o Neoclásico. As principais características son:

- É unha arte sen maior pretensión que expresar a **alegría**, a festa, celebrar a vida aristócrata onde domina o humor, o erotismo e un ambiente frívolo.
- Os **temas** das obras pictóricas e escultóricas son os amorosos e sentimentais, con escenas pastorís e galantes, recreando as diversións desas elites narrándoas nun ton doce e erótico. Tamén tratan temas históricos, mitolóxicos e relixiosos, pero con moita menos solemnidade e sen sentido moralizante.
- Arte **excesivo** e detallista, ornamentando todos os espazos de xeito imaxinativo, refinado e con gran riqueza. Predominan as formas curvas e enroladas (rocalla).
- Interese na natureza, flora e fauna.
- **Cores** pastel e brancos, deixando as cores escuras e terrosas do Barroco, pero mantén o dominio da cor sobre a liña.

O artista máis representativo deste estilo é **Fragonard**, con obras como “O columpio”.

2. ARTE NEOCLÁSICA

O Neoclasicismo é un estilo artístico que supuxo unha ruptura co Barroco e o Rococó e os seus excesos decorativos para dar un xiro cara a austeridade. Foi un movemento propio da **Ilustración** e que se prolonga durante parte do S.XVIII, especialmente en Francia, Alemaña e Gran Bretaña, sendo o seu máximo apoxeo durante o Imperio Napoleónico. Os artistas imitan a arte grega e romana, ao que contribuíu a obra de **Piranesi** e o descubrimento das **ruínas de Pompeia** e Herculano

en 1784, mandadas escavar por Carlos de Borbón, rei de Nápoles e Sicilia (futuro Carlos III de España). A arte Neoclásica caracterízase por:

- Domina a razón sobre calquera outro valor, volve a unha arte baseada nas **ordes clásicas** (dórico, xónico e corintio), **simetría**, liñas rectas e formas xeométricas básicas (círculo, triángulo e cadrado).

- Ser un arte vencellado ao poder das monarquías e as Academias de Belas Artes, o que levará á construción de edificios colosais que amosen o poder.

ARQUITECTURA:

O referente principal será a arte grega: arco de medio punto, frontóns triangulares, grandes cúpulas sobre tambores, ordes clásicas (dórica, xónica e corintia), decoracións de medallóns, relevos e guirnaldas.

Os materiais máis utilizados son a pedra e o mármore.

Simplifícanse as formas con liñas rectas, simetría e volumes xeométricos. As fachadas semellan templos clásicos, pero xa non están feitos “á medida do home” agora son monumentais, colosais, buscando mostrar o poder da razón e o político.

Gran variedade de construcións pensadas para o servizo dos cidadáns, por influencia da Ilustración como museos, bibliotecas, teatros, bancos, portas monumentais e monumentos conmemorativos.

O arquitecto máis importante en Francia foi **Soufflot** (Panteón de París) e en España **Juan de Villanueva** (Museo do Prado).

ESCULTURA

A escultura neoclásica realízase principalmente en mármore, ao estilo das esculturas clásicas que eles crían que estaban sen policromar.

As superficies púlense e son homoxéneas, evitando os efectos de claroscuro.

Os rostros son serenos e elegantes sen mostrar movemento ou sentimentos esaxerados. De beleza idealizada.

Destaca **Canova** (“O bico” ou “Venus Victrix”).

PINTURA

- ✓ Os **temas** principais son a historia, a mitoloxía e a literatura.
- ✓ Os **rostros** teñen unha actitude contida, serea e elegante, sen amosar sentimentos.
- ✓ As **composicións** son estáticas, xeométricas e equilibradas sen anécdotas nin outros elementos que distraían a atención do motivo principal da obra.
- ✓ **Luces** frías e claras, introducindo tons dourados e utilizando o claroscuro.
- ✓ **debuxo** domina sobre a cor, contornas moi definidas e detalles.

En Francia destacan **Jacques Louis David** (O xuramento dos Horacios ou as obras de feitos e retratos de Napoleón), **Elisabeth Vigée-Lebrun** (retratos de María Antonieta) **Ingres** (Odalisca).

3. FRANCISCO DE GOYA

Francisco de Goya (1746-1828) é un pintor aragonés imposible de encadrar nun determinado estilo artístico, porque foi un innovador da pintura, mesturando estilos e adiantándose a outros. A súa formación inicial foi académica, neoclásica na Real Academia de Belas Artes de San Fernando (Madrid), pero rápido destacou pola súa forma persoal de pintar e a súa capacidade para innovar técnicas e temáticas.

1ª ETAPA (1774-92). Céntrase nos “cartóns para tapices”, representando temas populares cunha estética rococó, pero ao mesmo tempo recorda ao Neoclasicismo, na sinxeleza dalgún deles, e nalgún caso anticipa o Realismo (estilo do século XIX que busca amosar a situación de desigualdade e pobreza dos obreiros e campesiños). O tema principal son os majos e majas da sociedade madrileña. Obras desta etapa: A pita cega, A vendima, O parasol ou O albanel ferido.

2ª ETAPA (1792-1808). Como pintor de cámara de Carlos IV, realizou numerosos retratos, tanto de membros da familia real como de personaxes contemporáneos: Jovellanos, Condesa de Chinchón, Godoy. Nesta etapa destaca “A familia de Carlos IV” é o retrato colectivo máis importante desta etapa. Trata con ironía e certa crítica á aristocracia, conseguindo o que poden chamarse retratos psicolóxicos. Aínda que non se sabe ben a quen representa, destaca nesta etapa os retratos de “A maja espida” e “A maja vestida”. Desta etapa tamén é a serie de gravados “Os caprichos” onde trata temas moi diferentes, criticando unha sociedade española onde denuncia o escurantismo relixioso, a superstición, a incultura, a explotación dos máis humildes e a corrupción. A esta etapa tamén pertencen a serie de obras adicadas á bruxería: “Voo de bruxas” ou “O aquelarre”. En resumo é unha etapa ecléctica onde combina os retratos psicolóxicos, cos cadros e gravados influídos polas ideas da Ilustración.

3ª ETAPA (1808-1828). A invasión napoleónica inspiroulle dous cadros de tema histórico e de gran tamaño: “A carga dos mamelucos” e “Os fusilamentos do 3 de maio”. Tamén reflectiu os horrores da guerra na serie de gravados “Os desastres da guerra”. E fará retratos do novo rei, Fernando VII, onde se observa o seu rexeitamento á política absolutista.

A enfermidade que lle provocou unha xordeira total xunto coa violencia vivida na guerra repercutiu no seu carácter e na súa obra. A partir de 1819 viviu retirado na Quinta do Xordo (como era chamada a súa casa) ás aforas de Madrid. Nas paredes da propia casa realizou unha serie de obras coñecidas como “**pinturas negras**” e tituladas: Vellois comendo sopa, Saturno devorando a seu fillo, Loita con garrotes, Aquelarre, can semiafundido, etc. As cores vólvense escuras; a pincelada espesa, rasgos deformes ao que leva a dicir que anticipa o expresionismo (corrente do século XX que deforma a realidade para dar énfase no sentimento que se busca expresar); os fondos son neutros; os temas sombríos, pesimistas, case macabros, trágicos e de difícil interpretación.

Finalmente, Goya exiliouse a Francia en 1824 polas súas ideas liberais, onde realizou novos gravados e pintou a súa derradeira obra, A leiteira de Burdeos (atribúese á súa man, pero podería ter sido realizada pola súa afillada e alumna Rosario Weiss).